



CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

15 MAI. 2017

Entrada nº: 2124

Saída nº: .....

Rosario Varela Fernández (1 para 1)  
Concelleira Turismo  
Data de Sinatura: 15/05/2017  
HASH: 2cb1a2b760af6e287d6f6cb84867521

Rosario Varela Fernández, concelleira do Grupo Municipal de Nós Pobra do Concello da Pobra do Caramiñal, presenta, para a súa inclusión a debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa á **necesidade da creación dun Punto de Encontro Familiar para a comarca do Barbanza**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os puntos de encontro familiar son un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

Nestes espazos realízanse as entregas e as recollidas dos e das menores, sempre coa supervisión das persoas profesionais. Asemade desenvólvense **visitas tuteladas**, naqueles casos nos que os contactos entre o pai ou a nai e os seus fillos teñen que realizarse coa presenza continua dun profesional do servizo durante dúas horas e as **visitas supervisadas**, que se realizan no punto de encontro tamén durante dúas horas pero sen a presenza continuada dunha persoa do equipo técnico. Vía elixida, por exemplo, cando a persoa que ten o dereito de visita non ten vivenda na localidade.



Cod. Validación: AYVUNISE9YWN6Z5CEEPD9MTAK | Corrección: <http://apobra.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma webfirma.esPública | Páxina 1 a 3



Trátase dun servizo de carácter temporal e excepcional, porque a súa finalidade é que se normalice a situación conflictiva. Ademais do réxime de visitas, desenvólvense outras actividades complementarias, coma o deseño de programas educativos, a orientación e o apoio familiar, ou a aplicación de técnicas de mediación ou intervencións dirixidas a dotar aos proxenitores de técnicas que lles permitan o exercicio positivo da paternidade ou maternidade e da conseguinte independencia respecto ao Punto de Encontro.

A Xunta de Galicia, financia, dende o ano 2001, unha rede de puntos de encontro situados nas sete principais cidades galegas, co obxectivo de garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de xeito exponencial.

As familias do concello da Pobra do Caramiñal, ao igual que o resto das familias da comarca do Barbanza, que se atopen nunha situación de conflito familiar que faga necesario a asistencia, tanto dos e das menores coma dos seus proxenitores, a un servizo de Punto de Encontro Familiar, vense obrigadas a terse que desprazar ata Santiago de Compostela para poder normalizar a súa situación familiar de maneira que se garanta a seguridade e benestar dos e das menores e se facilite o cumprimento do réxime de visitas.

Son moitas as voces que reclaman un Punto de Encontro Familiar na comarca do Barbanza; ente elas a asociación feminista "Mulleres en Acción", quen hai uns días solicitaba ante os medios de comunicación a necesidade de que se poña en marcha o servizo na nosa comarca.





Desde NÓS Pobra consideramos que é un servizo indispensable para mellorar a vida de moitas familias nas que os e as menores, ademais de vivir situacións de conflito, se vén na obriga de desprazarse un mínimo de 50 kilómetros ida e outros tantos de volta para poder manter unha relación familiar cos seus proxenitores.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de NÓS Pobra propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- 1- O Concello da Pobra do Caramiñal instará á Xunta de Galicia a crear na comarca do Barbanza o servizo dun Punto de Encontro Familiar.

A Pobra'do Caramiñal, 12 de maio de 2017

Rosario Varela Fernández

Concelleira do G.M. NÓS Pobra

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL



Cod. Validación: AYWJNSE9YWWGZ5CEEPD9MT4K | Corrección: <http://apobra.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3